



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Secretaría Xeral

Resolución estrutura directiva

A N U N C I O

De acordo co establecido no art. 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e a súa normativa de desenvolvemento, publícase a Resolución da Alcaldía do 4 de outubro de 2023 pola que se determina a estrutura directiva do Concello de Santiago de Compostela.

“Resolución da Alcaldía, 11811/2023, do 4 de outubro.

“RESOLUCIÓN POLA QUE SE DETERMINA A ESTRUCTURA DIRECTIVA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

FUNDAMENTOS LEGAIS

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, cuxa redacción resultou modificada posteriormente pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, establece no seu artigo 130 a configuración dos órganos superiores e directivos dos concellos que, como o de Santiago de Compostela, se regulan polo réxime dos municipios de gran poboación do título X.

O mencionado artigo 130 distingue entre órganos superiores e órganos directivos municipais. Entre os órganos directivos figuran as coordinacións xerais, as direccións ou órganos similares, que culminen a organización administrativa dentro de cada unha das grandes áreas ou concellarías, o órgano de apoio á Xunta de Goberno Local e á concellaría que exerce a secretaría desta, a Asesoría Xurídica, a Secretaría Xeral do Pleno, a Intervención, a Tesouraría, o Órgano de Contabilidade e Orzamentos e o Tribunal Económico Administrativo. Segundo ese artigo teñen tamén a consideración de órganos directivos as persoas titulares dos máximos órganos de dirección dos organismos autónomos e das entidades públicas empresariais locais, consonte o establecido no artigo 85 bis, parágrafo b).

De acordo cos artigos 26, c) e 27.4 do Regulamento orgánico de goberno e administración do Concello de Santiago de Compostela, as coordinacións xerais, secretarías xerais técnicas e direccións de área serán creadas por decreto da Alcaldía, ao abeiro do disposto no artigo 130.3 da Lei de bases do réxime local.

Os órganos superiores e directivos quedan sometidos ao réxime de incompatibilidades establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, e noutras normas estatais ou autonómicas que resulten de aplicación.

O marco da actual configuración das áreas municipais de xestión do Concello de Santiago de Compostela foi establecido no Decreto do 13 de novembro de 2020 (BOP número 205 do 1 de decembro de 2020), coa modificación aprobada no Decreto do 7 de marzo de 2022 (BOP número 56 do 23 de marzo).

CONSIDERACIÓNS

O obxectivo da estrutura directiva do Concello da Santiago de Compostela reside en acadar unha xestión máis áxil, eficaz e eficiente dos servizos e dos recursos desta Administración local, en consonancia co mandato do artigo 103 da Constitución española e cos principios xerais aos que se someten as administracións públicas á hora de servir á veciñanza, fixados no artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Co fin de alcanzar o devandito obxectivo resulta necesaria unha estrutura directiva que aborde estratexicamente a planificación das diferentes áreas garantindo, á vez, a súa coordinación e cooperación. Cómpre, polo tanto, organizar as materias da competencia municipal en áreas cun contido coherente e homoxéneo, das que dependan xerarquicamente todas as unidades administrativas encargadas da súa xestión, e dotar a estrutura de certa estabilidade ao deseñala de xeito independente da conxuntural organización en áreas de goberno que poida adoptarse en cada momento.

Deducirase disto unha dupla adscrición que pode manifestarse en calquera nivel da estrutura administrativa: aquela que sitúa todas as unidades baixo unha dependencia funcional dun órgano directivo, cos niveis intermedios que correspondan se os houber, e outra orgánica, que resulta da organización governamental. Esta dobre vinculación pretende garantir un

funcionamento profesional da Administración e a correcta transmisión dos obxectivos que politicamente se establezan, en cada caso, con axeitados mecanismos de cooperación, coordinación e control.

As concellarías dirixirán no plano político materias que teñen delegadas, que poden corresponderse coa globalidade dunha área administrativa ou con parte dela. En calquera dos casos, os órganos directivos exercerán as súas funcións sobre as unidades administrativas que lles atinxen por razón da súa materia, estean estas atribuídas a unha ou a varias concellarías, e sempre en relación coa coordinación xeral, con dependencia directa da Alcaldía.

As unidades administrativas, segundo o seu nivel, serán as encargadas da xestión dos asuntos ordinarios dun ou varios ámbitos competenciais e funcionais homoxéneos dentro da área.

Ás persoas titulares dos órganos directivos corresponderalles de maneira xenérica:

- Propoñer os proxectos da súa área para alcanzar os obxectivos establecidos no nivel político, dirixir a súa execución e controlar o seu adecuado cumprimento.
- Exercer as competencias atribuídas á dirección e as que lles sexan desconcentradas ou delegadas.
- Propoñer ao nivel político responsable da competencia ou ao órgano que proceda a resolución que consideren procedente sobre os asuntos que lles atinxen, nos termos que se especifiquen en cada caso.
- Impulsar e supervisar as actividades que forman parte da xestión ordinaria do órgano directivo e velar polo bo funcionamento das unidades dependentes e do sector público institucional adscrito.
- As demais atribucións que lles confiran as leis e regulamentos.

A interrelación entre todos os órganos directivos recae na Coordinación, que, pola súa vez, apoia á Alcaldía na planificación xeral da actividade municipal mediante o correspondente asesoramento nas decisións daquela.

De cara a promover unha maior transversalidade e dinámica na xestión, a estrutura directiva terá como verdadeira razón de ser alcanzar un grao de eficacia e eficiencia que posibilite e potencie unha necesaria reforma da Administración Municipal, co obxectivo último de achegar esta á cidadanía e ás súas demandas, mediante a súa xa impostergable modernización global.

Para acadar isto faise imprescindible que os órganos directivos dependan xerárquica e funcionalmente a Alcaldía a través da Coordinación Xeral, sen prexuízo da súa incardinación orgánica nas respectivas áreas de goberno -concellarías delegadas- segundo as materias atribuídas.

Desta forma ponse a primeira medida para alcanzar a unidade de criterio no día a día, á par que a necesaria transversalidade na prestación directiva, escapando de compartimentos estancos na Administración Municipal e sen obviar a necesaria vinculación coa área de goberno específica en cada materia.

Consonte os antecedentes expostos, en uso das atribucións que me confiren os apartados b), g) e k) do artigo 124.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e co disposto no artigo 28 do Regulamento orgánico de goberno e administración do Concello de Santiago de Compostela e demais lexislación aplicable,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Establecer a estrutura organizativa e directiva da Administración Municipal do Concello de Santiago de Compostela, que queda configurada como se recolle a seguir.

1. COORDINACIÓN XERAL

A Coordinación Xeral dependerá orgánica e funcionalmente da Alcaldía e a persoa titular deste órgano directivo terá as seguintes funcións, para as que poderá estar asistida por vicecoordinacións, co mesmo carácter directivo.

1. Apoio e asistencia á Alcaldía na planificación, programación e control do conxunto da actividade municipal, da Administración Municipal e das unidades administrativas responsables de materias non delegadas, trasladando as directrices da política e da xestión municipais a través das súas direccións.
2. Coordinación das direccións de área e demais persoal directivo.
3. Coordinación e impulso da planificación estratéxica e da xestión de fondos externos para o que terá baixo a súa responsabilidade a empresa Uninova.
4. Coordinación e impulso das relacións interadministrativas e institucionais municipais, do protocolo, así como da racionalización e seguimento da participación do Concello de Santiago de Compostela en toda organización externa, sinaladamente nas que se achegue algún tipo de fondo en calquera concepto.
5. Coordinación da comunicación pública e institucional do Concello así como da información e atención á cidadanía.
6. Coordinación e impulso da modernización administrativa.

7. Coordinación e impulso de propostas normativas.

8. Planificación, impulso, dirección e coordinación da súa área e dos expedientes administrativos relativos ás materias da súa competencia, incluídos os relacionados coa xestión orzamentaria ou contractual e a dirección e coordinación do persoal adscrito.

9. Proposta e implementación das medidas organizativas, de funcionamento e procedementais que sexan necesarias e convenientes para alcanzar a maior eficacia e eficiencia no cumprimento dos obxectivos encomendados.

10. Aquelas funcións de orde superior e executivo que lle sexan encomendadas pola Alcaldía.

2. ASESORÍA XURÍDICA

Como órgano directivo, de existencia preceptiva por lei, a Dirección da Asesoría Xurídica, complementada coa Vicedirección -co mesmo carácter directivo e de alto cargo- terá as funcións que se lle atribúen no ordenamento xurídico, ademais das que se indican a seguir:

1. Prestación dos servizos preceptivos e facultativos que establece o ordenamento xurídico, con especial concreción no seu Regulamento de organización e funcionamento.

2. Apoio e asesoramento aos diferentes órganos de goberno.

3. Asesoramento legal dos organismos autónomos e sociedades municipais, segundo o previsto no seu regulamento.

4. Coordinación e impulso de propostas normativas.

5. Planificación, impulso, dirección e coordinación da súa área e dos expedientes administrativos relativos ás materias da súa competencia, incluídos os relacionados coa xestión orzamentaria ou contractual e a dirección e coordinación do persoal adscrito.

6. Proposta e implementación das medidas organizativas, de funcionamento e procedementais que sexan necesarias e convenientes para alcanzar a maior eficacia e eficiencia no cumprimento dos obxectivos encomendados.

7. Aquelas funcións de orde superior e executivo que lle sexan encomendadas pola Alcaldía.

3. SECRETARÍA XERAL DO PLENO

Corresponderán á persoa titular da Secretaría Xeral do Pleno as competencias e funcións que recolle o ordenamento xurídico, sinaladamente no artigo 122 da Lei de bases do réxime local, ademais das que se indican de seguido:

1. Integridade e sistema interno de información.

2. Transparencia en información pública.

3. Queixas e suxestións.

4. Xestión do patrimonio municipal.

5. Coordinación e impulso de propostas normativas.

6. Planificación, impulso, dirección e coordinación da súa área e dos expedientes administrativos relativos ás materias da súa competencia, incluídos os relacionados coa xestión orzamentaria ou contractual e a dirección e coordinación do persoal adscrito.

7. Proposta e implementación das medidas organizativas, de funcionamento e procedementais que sexan necesarias e convenientes para alcanzar a maior eficacia e eficiencia no cumprimento dos obxectivos encomendados.

8. Aquelas funcións de orde superior e executivo que lle sexan encomendadas pola Alcaldía.

4. SECRETARÍA DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL (ÓRGANO DE ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL)

Corresponderanlle as competencias e funcións que recolle o ordenamento xurídico para o órgano de asistencia á xunta de goberno local, sinaladamente as establecidas no artigo 126 da Lei de bases do réxime local, ademais das seguintes responsabilidades:

1. Dirección do Rexistro Xeral.

2. Dirección do Padrón municipal de habitantes e das funcións e tarefas con el relacionadas.

3. Tramitación dos procedementos de reclamación de responsabilidade patrimonial.

4. Coordinación da administración electrónica.

5. Coordinación e impulso de propostas normativas.

6. Planificación, impulso, dirección e coordinación da súa área e dos expedientes administrativos relativos ás materias da súa competencia, incluídos os relacionados coa xestión orzamentaria ou contractual e a dirección e coordinación do persoal adscrito.

7. Proposta e implementación das medidas organizativas, de funcionamento e procedementais que sexan necesarias e convenientes para alcanzar a maior eficacia e eficiencia no cumprimento dos obxectivos encomendados.

8. Aquelas funcións de orde superior e executivo que lle sexan encomendadas pola Alcaldía.

5. INTERVENCIÓN XERAL

Corresponderanlle as competencias e funcións que recolle o ordenamento xurídico para a Intervención municipal, sinaladamente as establecidas no Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional e encargárase, así mesmo, das seguintes:

1. Coordinación e impulso de propostas normativas correspondentes á súa área.

2. Planificación, impulso, dirección e coordinación da súa área e dos expedientes administrativos relativos ás materias da súa competencia, incluídos os relacionados coa xestión orzamentaria ou contractual e a dirección e coordinación do persoal adscrito.

3. Proposta e implementación das medidas organizativas, de funcionamento e procedementais que sexan necesarias e convenientes para alcanzar a maior eficacia e eficiencia no cumprimento dos obxectivos encomendados.

4. Aquelas funcións de orde superior e executivo que lle sexan encomendadas pola Alcaldía ou pola concellaría delegada das materias da súa competencia.

6. TESOURERÍA

Corresponderanlle as competencias e funcións que recolle o ordenamento xurídico para a Tesourería municipal, sinaladamente as establecidas no Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional e, asemade, as seguintes:

1. Coordinación e impulso de propostas normativas correspondentes á súa área.

2. Planificación, impulso, dirección e coordinación da súa área e dos expedientes administrativos relativos ás materias da súa competencia, incluídos os relacionados coa xestión orzamentaria ou contractual e a dirección e coordinación do persoal adscrito.

3. Proposta e implementación das medidas organizativas, de funcionamento e procedementais que sexan necesarias e convenientes para alcanzar a maior eficacia e eficiencia no cumprimento dos obxectivos encomendados.

4. Aquelas funcións de orde superior e executivo que lle sexan encomendadas pola Alcaldía ou pola concellaría delegada das materias da súa competencia.

7. XESTIÓN ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE

Serán da responsabilidade desta área a elaboración e xestión orzamentaria e a contabilidade. A persoa titular deste órgano directivo terá as seguintes funcións, ademais das previstas no ordenamento xurídico:

1. Coordinación e impulso de propostas normativas correspondentes á súa área.

2. Planificación, impulso, dirección e coordinación da súa área e dos expedientes administrativos relativos ás materias da súa competencia, incluídos os relacionados coa xestión orzamentaria ou contractual e a dirección e coordinación do persoal adscrito.

3. Proposta e implementación das medidas organizativas, de funcionamento e procedementais que sexan necesarias e convenientes para alcanzar a maior eficacia e eficiencia no cumprimento dos obxectivos encomendados.

4. Aquelas funcións de orde superior e executivo que lle sexan encomendadas pola Alcaldía ou pola concellaría delegada das materias da súa competencia.

8. TRIBUNAL ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO

Corresponderanlle as seguintes funcións, exercidas consonte o que se estableza no correspondente regulamento, aprobado polo Pleno, e o previsto na Lei xeral tributaria e na normativa estatal reguladora das reclamacións económico-administrativas, coas adaptacións que procedan no ámbito municipal:

1. O coñecemento e resolución das reclamacións sobre actos de xestión, liquidación, recadación e inspección de tributos e ingresos de dereito público, que sexan de competencia municipal.

2. O ditame sobre os proxectos de ordenanzas fiscais.

3. No caso de ser requirido polos órganos municipais competentes en materia tributaria, a elaboración de estudos e propostas nesta materia.

9. ADMINISTRACIÓN

Corresponden a esta área as materias de réxime interior, persoal, xestión das dependencias municipais e dos fornecementos e loxística relativos ao seu funcionamento, contratación, formación, prevención de riscos do persoal, arquivo, parque móbil e avaliación interna, e calquera outra relacionada con estes fins, e rexerá, polo tanto, as unidades administrativas e o persoal que as xestiona, así como os organismos ou sociedades que teñan relación con elas, se houber.

A persoa titular do órgano directivo desta área terá as seguintes funcións:

1. Coordinación e impulso de propostas normativas correspondentes á súa área.
2. Planificación, impulso, dirección e coordinación da súa área e dos expedientes administrativos relativos ás materias da súa competencia, incluídos os relacionados coa xestión orzamentaria ou contractual e a dirección e coordinación do persoal adscrito.
3. Proposta e implementación das medidas organizativas, de funcionamento e procedementais que sexan necesarias e convenientes para alcanzar a maior eficacia e eficiencia no cumprimento dos obxectivos encomendados.
4. Aquelas funcións de orde superior e executivo que lle sexan encomendadas pola Alcaldía ou pola concellaría delegada das materias da súa competencia.

10. PLANIFICACIÓN E XESTIÓN TECNOLÓXICA

Corresponden a esta área as materias relacionadas coas tecnoloxías da información e da comunicación, a xestión de datos e a seguridade dixital e calquera outra relacionada con estes fins. En consecuencia, estarán baixo a súa responsabilidade as unidades administrativas e os organismos ou sociedades relacionadas e o seu órgano directivo exercerá as seguintes funcións:

1. Coordinación e impulso de propostas normativas correspondentes á súa área.
2. Planificación, impulso, dirección e coordinación da súa área e dos expedientes administrativos relativos ás materias da súa competencia, incluídos os relacionados coa xestión orzamentaria ou contractual e a dirección e coordinación do persoal adscrito.
3. Proposta e implementación das medidas organizativas, de funcionamento e procedementais que sexan necesarias e convenientes para alcanzar a maior eficacia e eficiencia no cumprimento dos obxectivos encomendados.
4. Aquelas funcións de orde superior e executivo que lle sexan encomendadas pola Alcaldía ou pola concellaría delegada das materias da súa competencia.

11. URBANISMO E INFRAESTRUTURAS

Serán materias competencia desta área o planeamento e a xestión urbanística, as licenzas, a disciplina urbanística, a construción e mantemento de equipamentos e infraestruturas, as obras públicas, a vivenda e a planificación e xestión de zonas de especial interese como a Cidade Histórica, o ámbito rural ou o Campus Vida, entre outras. Correspóndelle, polo tanto, a dirección das unidades administrativas e dos organismos e sociedades que traten destas competencias.

A persoa titular deste órgano directivo terá as seguintes funcións:

1. Coordinación e impulso de propostas normativas correspondentes á súa área.
2. Planificación, impulso, dirección e coordinación da súa área e dos expedientes administrativos relativos ás materias da súa competencia, incluídos os relacionados coa xestión orzamentaria ou contractual e a dirección e coordinación do persoal adscrito.
3. Proposta e implementación das medidas organizativas, de funcionamento e procedementais que sexan necesarias e convenientes para alcanzar a maior eficacia e eficiencia no cumprimento dos obxectivos encomendados.
4. Aquelas funcións de orde superior e executivo que lle sexan encomendadas pola Alcaldía ou pola concellaría delegada das materias da súa competencia.

12. CULTURA E DINAMIZACIÓN CIDADÁ

Serán atribucións desta área as materias de cultura, festas, memoria histórica, patrimonio cultural, lingua, educación e deportes, e estarán baixo a súa responsabilidade as unidades administrativas encargadas da súa xestión e os organismos e sociedades municipais que traten delas, nomeadamente o Auditorio de Galicia e XADE.

A persoa titular do órgano directivo desta área terá as seguintes funcións:

1. Coordinación e impulso de propostas normativas correspondentes á súa área.
2. Planificación, impulso, dirección e coordinación da súa área e dos expedientes administrativos relativos ás materias da súa competencia, incluídos os relacionados coa xestión orzamentaria ou contractual e a dirección e coordinación do persoal adscrito.
3. Proposta e implementación das medidas organizativas, de funcionamento e procedementais que sexan necesarias e convenientes para alcanzar a maior eficacia e eficiencia no cumprimento dos obxectivos encomendados.
4. Aquelas funcións de orde superior e executivo que lle sexan encomendadas pola Alcaldía ou pola concellaría delegada das materias da súa competencia.

13. POLÍTICAS SOCIOCOMUNITARIAS

Serán competencias desta área os servizos sociais, a participación e os dereitos cidadáns, a igualdade, a saúde, a atención á drogodependencia, a rede de centros socioculturais e a atención a colectivos específicos como a mocidade ou as persoas migrantes e, consecuentemente as unidades administrativas, organismos e sociedades responsables destas materias.

A persoa titular do órgano directivo desta área terá as seguintes funcións:

1. Coordinación e impulso de propostas normativas correspondentes á súa área.
2. Planificación, impulso, dirección e coordinación da súa área e dos expedientes administrativos relativos ás materias da súa competencia, incluídos os relacionados coa xestión orzamentaria ou contractual e a dirección e coordinación do persoal adscrito.
3. Proposta e implementación das medidas organizativas, de funcionamento e procedementais que sexan necesarias e convenientes para alcanzar a maior eficacia e eficiencia no cumprimento dos obxectivos encomendados.
4. Aquelas funcións de orde superior e executivo que lle sexan encomendadas pola Alcaldía ou pola concellaría delegada das materias da súa competencia.

14. DINAMIZACIÓN ECONÓMICA

Serán materias competencia desta área o emprego, o comercio, a promoción económica, os mercados, o solo industrial e o turismo e, en consecuencia, as unidades administrativas, organismos e sociedades municipais que tratan destas materias, nomeadamente Incolsa e Mercagalicia.

A persoa titular do órgano directivo desta área terá as seguintes funcións:

1. Coordinación e impulso de propostas normativas correspondentes á súa área.
2. Planificación, impulso, dirección e coordinación da súa área e dos expedientes administrativos relativos ás materias da súa competencia, incluídos os relacionados coa xestión orzamentaria ou contractual e a dirección e coordinación do persoal adscrito.
3. Proposta e implementación das medidas organizativas, de funcionamento e procedementais que sexan necesarias e convenientes para alcanzar a maior eficacia e eficiencia no cumprimento dos obxectivos encomendados.
4. Aquelas funcións de orde superior e executivo que lle sexan encomendadas pola Alcaldía ou pola concellaría delegada das materias da súa competencia.

15. SUSTENTABILIDADE E SERVIZOS BÁSICOS

Compétenlle a esta área a xestión dos residuos, a limpeza viaria, o abastecemento de auga, o saneamento, cemiterios, parques, medio, planificación ante a emerxencia climática, prevención de incendios, protección dos animais, sanidade, enerxía. Estarán, polo tanto, baixo a súa responsabilidade as unidades administrativas e os organismos e sociedades encargados destas materias e, concretamente, a Fundación Refuxio de Animais.

A persoa titular do órgano directivo desta área terá as seguintes funcións:

1. Coordinación e impulso de propostas normativas correspondentes á súa área.
2. Planificación, impulso, dirección e coordinación da súa área e dos expedientes administrativos relativos ás materias da súa competencia, incluídos os relacionados coa xestión orzamentaria ou contractual e a dirección e coordinación do persoal adscrito.
3. Proposta e implementación das medidas organizativas, de funcionamento e procedementais que sexan necesarias e convenientes para alcanzar a maior eficacia e eficiencia no cumprimento dos obxectivos encomendados.
4. Aquelas funcións de orde superior e executivo que lle sexan encomendadas pola Alcaldía ou pola concellaría delegada das materias da súa competencia.

16. MOBILIDADE E CONVIVENCIA

Adscribíense a esta área a extinción de incendios e o salvamento, a policía local e a protección civil, a mobilidade e o transporte, e serán da súa responsabilidade os corpos e unidades administrativas que traten destas materias así como os organismos ou sociedades municipais que poidan ocuparse delas, especificamente TUSSA.

A persoa titular do órgano directivo desta área terá as seguintes funcións:

1. Coordinación e impulso de propostas normativas correspondentes á súa área.
2. Planificación, impulso, dirección e coordinación da súa área e dos expedientes administrativos relativos ás materias da súa competencia, incluídos os relacionados coa xestión orzamentaria ou contractual e a dirección e coordinación do persoal adscrito.
3. Proposta e implementación das medidas organizativas, de funcionamento e procedementais que sexan necesarias e convenientes para alcanzar a maior eficacia e eficiencia no cumprimento dos obxectivos encomendados.
4. Aquelas funcións de orde superior e executivo que lle sexan encomendadas pola Alcaldía ou pola concellaría delegada das materias da súa competencia.

SEGUNDO. En execución e desenvolvemento desta estrutura directiva estableceranse as atribucións de cada unidade administrativa dentro das competencias asignadas á área, as persoas responsables da sinatura, os sistemas de suplencia e as funcións do persoal asignado, ao abeiro do ordenamento xurídico e para un óptimo cumprimento dos obxectivos perseguidos. Aplicaranse, en todo caso, as disposicións xerais do Regulamento orgánico de goberno e administración e demais normativa de referencia para as funcións directivas.

TERCEIRO. A Xunta de Goberno Local, se así o acorda, ditará as medidas necesarias en canto á Relación de postos de traballo, nomeamento de titulares de órganos directivos e outras que procedan no seu ámbito competencial. A modificación da Relación de postos de traballo que poida decidirse, co fin de adaptala ás necesidades da estrutura de goberno e directiva, fixará as unidades administrativas incluídas en cada área de xestión e órgano directivo, así como o seu nivel xerárquico, a súa estrutura interna e a súa dotación.

CUARTO. Segundo o establecido na disposición adicional décimo quinta da Lei reguladora das bases do réxime local, as persoas titulares dos órganos directivos municipais quedan sometidas ao réxime de incompatibilidades establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e demais normas estatais e autonómicas de aplicación. O funcionariado designado como titular dos anteriores órganos directivos pasará á situación administrativa de servizos especiais nas súas correspondentes administracións, de acordo co disposto no artigo 87 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro.

QUINTO. Dar conta deste decreto á Xunta de Goberno Local e ao Pleno da Corporación Municipal.

SEXTO. Notificarlle este acordo a todas as concellarías delegadas, direccións de área, titulares de órganos directivos, organismos, sociedades así como ás xefaturas das unidades administrativas municipais.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. Sen prexuízo das competencias propias determinadas neste decreto, os órganos directivos exercerán as competencias que lles sexan delegadas por outros órganos, aínda cando non dependan xerarquíicamente destes, e asumirán a delegación de sinatura de resolucións e actos administrativos, sen que isto supoña alteración das competencias dos órganos delegantes.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. Os órganos directivos da estrutura municipal vixente na entrada en vigor deste decreto entenderanse substituídos polos aquí previstos en función da súa maior coincidencia competencial.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA. En tanto non se constituía o Tribunal Económico-Administrativo Municipal, os proxectos de ordenanzas fiscais seguirán someténdose a informe da Asesoría Xurídica."

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2023.

A ALCALDESA,

Goretti Sanmartín Rei